

| | |
|---|----|
| Encabezamento para DOG: Cadros..... | 3 |
| Introdución..... | 3 |
| I. Normas xerais..... | 4 |
| I.1. Prazas vacantes totais..... | 4 |
| Prazas desagregadas por OPE..... | 4 |
| Sistema selectivo..... | 4 |
| I.1.1 Vacantes discapacitados: Concepto..... | 4 |
| I.1.2. Vacantes discapacitados: Solicitud expresa..... | 5 |
| I.1.3. Correccións..... | 5 |
| I.1.4. Réxime xurídico xeral..... | 5 |
| I.2. Requisitos das persoas aspirantes..... | 5 |
| I.2.2.1. Idade..... | 6 |
| I.2.2.2. Nacionalidade:..... | 6 |
| I.2.2.3. Titulación:..... | 6 |
| I.2.2.4. Capacidade funcional..... | 6 |
| I.2.2.5. Habilitación..... | 6 |
| I.2.2.6. Discapacidade..... | 7 |
| I.2.2.7. Non se xa é persoal laboral fixo..... | 7 |
| I.3. Solicitudes..... | 7 |
| Obtención modelo..... | 7 |
| Prazo..... | 7 |
| Remisión á DXFP – Modo presencial e electrónico..... | 7 |
| Forma de cubrir a solicitude:..... | 8 |
| Exentos de pagamento da taxa:..... | 9 |
| Forma de aboar as taxas:..... | 10 |
| Presentación da solicitude:..... | 10 |
| Cuestións xerais sobre a solicitude:..... | 10 |
| I.4. Admisión de aspirantes..... | 11 |
| I.4.1. Listado provisional..... | 11 |
| I.4.2. Correccións..... | 11 |
| II. Proceso selectivo..... | 11 |
| II.1. Fase de oposición..... | 11 |
| II.1.1. Exercicios..... | 12 |
| II.1.1.1. Primeiro exercicio - Test teórico - Práctico + Xeral -Específico + Con puntuación mínima..... | 12 |
| II.1.1.2. Segundo ejercicio – Desenvolvemento temas parte específica..... | 13 |
| II.1.1.3. Terceiro exercicio – Galego – Tradución textos..... | 14 |
| Exención Exercicio Galego: Acceso libre..... | 14 |
| Comprobación exención pola DXFP..... | 15 |
| II.1.2. Desenvolvemento dos exercicios..... | 15 |
| II.1.2.1. Sorteo actuación: Letra..... | 15 |
| II.1.2.2. Provistos de NIF..... | 15 |
| II.1.2.3. Porta pechada..... | 15 |
| II.1.2.4. Comprobación identidade..... | 15 |
| II.1.2.5. Chamamento único..... | 16 |
| Embarazadas..... | 16 |
| II.1.2.6. Anuncio realización..... | 16 |
| II.1.2.7. Anulación preguntas..... | 16 |
| II.1.2.8. Publicación notas..... | 16 |
| Alegacións as notas polos aspirantes (10 días)..... | 16 |
| II.1.2.9. Dúbihdas do Tribunal sobre os requisitos dun aspirante..... | 17 |

| | |
|---|----|
| II.1.2.10. Principio de transparencia..... | 17 |
| II.2. Fase de concurso..... | 17 |
| II.2.1. Experiencia profesional – Mesmo grupo e categoría..... | 17 |
| II.2.2. Permanencia na categoría:..... | 18 |
| II.2.3. Formación..... | 18 |
| II.2.4. Galego..... | 18 |
| II.2.5. Conciliación familiar..... | 19 |
| II.2.6. Data efectos e procedemento xustificación..... | 19 |
| II.2.7. Remisión xustificación á DXFP..... | 19 |
| II.2.8. Baremación..... | 19 |
| II.3. Orden prelación..... | 20 |
| III. Tribunal..... | 20 |
| III.1. Nomeamento por Orden DXFP..... | 20 |
| III.2. Abstencións..... | 20 |
| III.3. Substitucións..... | 21 |
| III.4. Sesión constitución..... | 21 |
| III.5. Quórum constitución tribunal..... | 21 |
| III.6. Réxime xurídico (L40/15)..... | 21 |
| III.7. Actas..... | 22 |
| III.8. Disociación datos aspirantes..... | 22 |
| III.9. Asesores..... | 22 |
| III.10. Adaptacións: Discapacidade..... | 22 |
| III.11. Dietas tribunal..... | 22 |
| III.12. Máximo aspirantes aprobados..... | 23 |
| III.13. Recurso alzada..... | 23 |
| III.14. Comunicacións aspirantes para o Tribunal á DXFP..... | 23 |
| IV. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal funcinario de carreira..... | 23 |
| IV.1. Cualificación: Suma puntuacións..... | 23 |
| Criterios desempate..... | 23 |
| IV.2. Publicación DOG aspirantes aprobados..... | 24 |
| Documentación presentación por aprobados (20 días)..... | 24 |
| IV.3. Exención de presentar documentación..... | 25 |
| IV.4. Non presentar documentación: Nulidade..... | 25 |
| IV.5. Nomeamento como persoal laboral fixo..... | 25 |
| IV.6. Adxudicación de prazas..... | 25 |
| IV.7. Toma de posesión (1 mes)..... | 25 |
| V. Disposición derradeira: Recurso Reposición contra esta Orde..... | 26 |
| ANEXO I - Programa..... | 27 |
| ANEXO II – Modelo non sancionado..... | 36 |
| ANEXO III – Modelo non inhabilitado outro Estado..... | 37 |
| ANEXO IV – Listado prazas consolidación emprego..... | 38 |

Encabezamento para DOG: Cadros

| | |
|--|--|
| Capítulo: | |
| Epígrafe: | |
| (Para cubrir no “Diario Oficial de Galicia”) | |

SUMARIO:

Orde do pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 005 do Grupo I, titulado superior veterinario, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

Introdución

A Disposición transitoria 10^a do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, establece que para o persoal que teña unha antigüidade posterior ao 30-6-1998 e anterior ao 1-1-2005 na prestación de servizos para a Xunta de Galicia en virtude de sentenza xudicial que recoñeza a súa condición de persoal laboral indefinido, ou fose contratado directamente pola Xunta de Galicia baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, para a realización de programas ou servizos de carácter estrutural, ou aqueloutro integrado por transferencia será obxecto dun proceso de consolidación de emprego segundo o establecido na disposición transitoria cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e a disposición adicional décimo quinta deste convenio.

A disposición adicional do **Decreto 124/2017, do 30 de novembro (DOG. núm. 234, do 12 de decembro)**, polos que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos **2017**, establece que poderán convocarse nun único proceso selectivo as prazas correspondentes á oferta de emprego público de anos anteriores, cuxo proceso selectivo non se convocou.

En desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establecécese a obligatoriedade do uso de medios electrónicos na inscrición das solicitudes de participación neste proceso selectivo.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no **Decreto 124/2017, do 30 de novembro (DOG. núm. 234, do 12 de decembro)** polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano **2017**, esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (en diante LEPG),

DISPÓN:

Convocar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na **categoría 005 do Grupo I, titulado superior veterinario**, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

I. Normas xerais

I. Normas xerais.

I.1. Prazas vacantes totais

Prazas desagregadas por OPE

I.1. O obxecto do proceso selectivo será cubrir cincuenta e corenta e sete (**47**) prazas, na **categoría 005 do Grupo I, titulado superior veterinario**, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. Correspondentes á oferta de emprego público do exercicio **2017**, segundo o que se detalla no **Anexo IV** desta convocatoria e que se indican a continuación:

- Oferta de emprego público do exercicio 2017, aprobada polo Decreto 124/2017, do 30 de novembro (DOG. núm. 234, do 12 de decembro): corenta e sete (**47**) prazas de consolidación, das que unha (**1**) está reservada á quenda de persoas con discapacidade.

Sistema selectivo

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

I.1.1 Vacantes discapacitados: Concepto

I.1.1. De conformidade co Decreto 124/2017, do 30 de novembro e co Decreto 160/2018, do 13 de decembro, do total de prazas convocadas reservaranse unha (**1**) para ser cubertas por persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

Se algunha persoa aspirante con discapacidade que se presenta pola cota de reserva de persoas con discapacidade supera os exercicios, pero non obtén praza, e a súa puntuación é superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluída pola súa orde de puntuación neste sistema.

De conformidade co disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, durante os procesos selectivos darase un tratamento diferenciado ás persoas aspirantes pola cota de discapacidade, no que se refire ás relacóns de persoas admitidas e excluídas, aos chamamentos aos exercicios e á relación de persoas aprobadas. Non obstante,

ao finalizar cada exercicio e o proceso elaborarase unha relación única na que se incluirán todas as persoas aspirantes que o superasen, ordenadas pola puntuación total obtida, con independencia do tipo de praza pola que participasen.

I.1.2. Vacantes discapacitados: Solicitud expresa

I.1.2 As persoas que, cumprindo os requisitos establecidos na [base I.1.1](#), opten ás prazas reservadas para persoas con discapacidade deberán indicalo expresamente na solicitud. De non indicalo entenderase que non optan por esta reserva.

As persoas aspirantes só poderán participar nunha das quendas citadas.

I.1.3. Correccións

I.1.3 De ser o caso, as aclaracións ou as correccións deberán realizarse no prazo de alegacións ás listaxes provisionais de persoas admitidas.

I.1.4. Réxime xurídico xeral

I.1.4. Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP), o V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, (aprobado pola Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia), a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público a lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos das persoas aspirantes.

I.2 Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuér o día da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira os seguintes requisitos:

I.2.2.1. Idade

I.2.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2.2. Nacionalidade:

I.2.2.2. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.2.3. Titulación:

I.2.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o día da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o título universitario oficial de Licenciado en Veterinaria ou graduado nunha una titulación que habilite para o ejercicio da profesión de veterinario.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

I.2.2.4. Capacidad funcional

I.2.2.4. Capacidad funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.2.5. Habilitación

I.2.2.5. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin

atoparse na situación de inabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inabilitada.

I.2.2.6. Discapacidade

I.2.2.6. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, na data de publicación da presente convocatoria.

I.2.2.7. Non se xa é persoal laboral fixo

I.2.2.7. Non poderá participar no proceso selectivo o persoal funcionario de carreira que xa pertenza á escala obxecto desta convocatoria.

I.2.2.8. Non poderán participar no proceso selectivo as persoas que xa pertencen como persoal laboral fixo á categoría 005 do grupo I do persoal laboral da Xunta de Galicia.

I.3. Solicitudes.

I.3 Solicitudes.

Obtención modelo

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que será facilitado no portal web corporativo da Dirección Xeral de Función Pública da Xunta de Galicia e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que esixe a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos.

Prazo

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Remisión á DXFP – Modo presencial e electrónico

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude electrónicamente á Dirección Xeral da Función Pública.

Forma de cubrir a solicitude:

O modelo de solicitude estará á disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal, seguindo a ruta «Procesos selectivos»–«Xeración e presentación de solicitudes de procesos selectivos», debendo o solicitante de dispoñer dun certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), DNI electrónico ou Chave 365.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, as persoas aspirantes deberán consignar todos os datos que aparecen na pantalla e posteriormente validalos e confirmalos.

Os aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de "Idioma do exame", si o texto do exercicio deberá de se entregar en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a súa solicitude, o aspirante non poderá modificar a opción.

Os aspirantes que sexan membros de familias numerosas o deberán de indicar na súa solicitude, no apartado de "Outros datos" – "Familia numerosa".

Os aspirantes deberán indicar si figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, no apartado de "Outros datos" – "Demandante de emprego".

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, no apartado de "Outros datos" – "Discapacitado"- "Porcentaxe".

Poderán solicitarse as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, no apartado de "Outros datos" – "Tipo de adaptación".

Se a solicitude derivase dunha circunstancia sobrevida, deberán solicitar a adaptación necesaria no prazo dun mes dende que se producise o feito causante e en calquera caso nas 24 horas seguintes á publicación da convocatoria para a realización do exercicio no que proceda a súa aplicación.

As persoas aspirantes das adaptacións sinaladas poderán indicar na mesma epígrafe da solicitude a presenza durante a realización do exercicio de atención médica especializada. Neste suposto, deberán presentar antes do remate do prazo fixado, o orixinal ou a copia debidamente compulsada do informe médico que acredeite a necesidade da dita medida.

Os datos incluídos nas solicitudes dos aspirantes serán consultados pola administración pública.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberá indicalo no cadro correspondente no apartado de "Autorizacóns", e deberá achegar os documentos xustificativos da exención que se indican no apartado seguinte. A persoa solicitante, para a remisión electrónica, empregará o modelo co código PR004A, previsto na Orde do 4 de maio de 2017 que aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacóns que non conteñen un sistema electrónico específico, habilitado na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co disposto no parágrafo anterior, a persoa solicitante deberá achegar coa súa solicitude, orixinal ou copia debidamente compulsada, dos seguintes documentos xustificativos da exención do pagamento segundo os supostos en que se atopen:

- Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.
- Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.
- Demandantes de emprego:
 - 1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.
 - 2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

Exentos de pagamento da taxa:

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50 % do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que

soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

Forma de aboar as taxas:

Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na pantalla, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Unha vez feito o pago presencial na entidade financeira, deberase acceder á solicitude pendente a través da pestana "Retomar solicitude". Premerase na opción "Validar/Retomar o pago". Introduciranse os datos relativos á data de ingreso e o NRC (Número de Rexistro Completo) correspondente.

Unha vez completados os datos validarase o NRC premendo no botón "Validar NRC".

Finalizado correctamente o proceso de pagamento poderase presentar a solicitude.

Pagamento electrónico - Sen certificado dixital: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

Finalizado correctamente o proceso de pagamento poderase presentar a solicitude.

Pagamento electrónico - Con certificado dixital: poderán realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

Finalizado correctamente o proceso de pagamento poderase presentar a solicitude.

Presentación da solicitude:

Presentación electrónica: Finalizado correctamente o proceso de pagamento poderase asinar e presentar electrónicamente a solicitude.

Cuestiós xerais sobre a solicitude:

Para a devolución da taxa aboada as persoas aspirantes deberán figurar como excluídas nas listaxes definitivas e seguir o procedemento que se sinale na resolución pola que se aproben.

Non procederá a devolución do importe aboadado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento seguindo as instrucións iniciais e seleccionando na pantalla a opción de consulta.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico co centro informático CIXTEC no número 981 541 300, das 8.30 ás 20.00 horas, de luns a venres e os sábados das 10.00 ás 14.00 horas.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Listado provisional

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución que será publicada no DOG, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, das causas das exclusións que procedan. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal.

I.4.2. Correccións

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución no DOG, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral da Función Pública que será publicada no DOG, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Estas listaxes publicaranse no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lle recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

II. Proceso selectivo

II.1. Fase de oposición.

II. Proceso selectivo

II.1. Fase de oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas é o que figura como Anexo I a esta orde. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de publicación no DOG do nomeamento do tribunal, contean con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, áinda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figura no Anexo I e que fosen derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no DOG do nomeamento do tribunal.

II.1.1. Exercicios.

II.1.1. Exercicios.

As probas da oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminatorios e obligatorios.

II.1.1.1. Primeiro exercicio - Test teórico - Práctico + Xeral - Específico + Con puntuación mínima

II.1.1.1. Primeiro exercicio.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento oitenta (180) preguntas tipo test, relacionado co Anexo I do programa.

O exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cincuenta (50) preguntas da parte xeral.

O exercicio disporá de tres (3) preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respuestas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

Nesta primeira parte será necesario obter un mínimo de dez (10) respuestas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico e práctico de cento trinta (130) preguntas da parte específica, das que cen (100) preguntas serán de contido teórico e trinta (30) serán sobre un suposto práctico tipo test, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal.

O exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva, das que dúas (2) serán sobre un suposto práctico.

As preguntas terán catro (4) respuestas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.

Nesta segunda parte será necesario obter un mínimo de vinte e seis (26) respuestas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa. Na elaboración das preguntas do presente exercicio respectarase a orde establecida no parágrafos anteriores.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de dous centos (200) minutos.

As persoas aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentas de contestar as preguntas da parte común do programa, polo que contestarán únicamente ás cento trinta (130) preguntas da parte específica e as correspondentes preguntas de reserva.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respuestas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respuestas correctas no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Correspondenlle ao tribunal determinar o número de respuestas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

Este exercicio realizarase no prazo máximo de corenta (40) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas.

A data de realización deste exercicio non terá lugar antes dos seis (6) meses posteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

O exercicio será coincidente co primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración especial de Administración xeral da Comunidade Autónoma Galicia, escala de veterinarios, subgrupo A1, convocado no ano 2019 e publicado simultaneamente coa presente orde.

II.1.1.2. Segundo exercicio – Desenvolvimento temas parte específica

II.1.1.2. Segundo exercicio.

As persoas aspirantes deberán desenvolver por escrito tres (3) temas, que se elixirán entre seis (6), obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o contido da parte específica do programa que figura como Anexo I desta orde.

O exercicio terá unha duración máxima de seis (6) horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Correspondrá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima.

O tribunal cualificará este exercicio valorando, entre outros, os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de corenta e oito (48) horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de corenta (40) días hábiles.

II.1.1.3. Terceiro exercicio – Galego – Tradución textos

II.1.1.3. Terceiro exercicio.

Constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de sesenta (60) minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Correspondrá ao tribunal determinar o coñecemento da lingua galega de acordo ao nível do Celga requerido no proceso selectivo.

Exención Exercicio Galego: Acceso libre

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no DOG da resolución pola que o tribunal faga públicas as cualificacións do primeiro exercicio, que posuían antes do día de finalización do prazo disposto

na **base 1.2** desta convocatoria, o **Celga 4** ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Comprobación exención pola DXFP

Xunto coa resolución anterior, a Dirección Xeral da Función Pública publicará, no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal, unha listaxe de persoas aspirantes na que figurarán aquelas que, por ter acreditado a posesión do Celga requerido, en calquera procedemento cuxa competencia corresponda a esta dirección xeral, non teñen que presentar a documentación xustificativa da exención.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de dous (2) días hábiles desde o remate do exercicio anterior e máximo de corenta (40) días hábiles

II.1.2. Desenvolvemento dos exercicios.

II.1.2. Desenvolvemento dos exercicios.

II.1.2.1. Sorteo actuación: Letra

II.1.2.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comence pola letra K, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 20 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 03 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro do 2017).

II.1.2.2. Provistos de NIF

II.1.2.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade.

II.1.2.3. Porta pechada

II.1.3.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas pola Dirección Xeral da Función Pública como colaboradoras.

II.1.2.4. Comprobación identidade

II.1.2.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.1.2.5. Chamamento único

II.1.2.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Embarazadas

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.1.2.6. Anuncio realización

II.1.2.6. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no DOG e no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal, con corenta e oito (48) horas, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

II.1.2.7. Anulación preguntas

II.1.2.7. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no DOG.

II.1.2.8. Publicación notas

II.1.2.8. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo da Xunta de Galicia funcionpublica.xunta.gal.

Alegacións as notas polos aspirantes (10 días)

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no DOG da resolución do tribunal pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

II.1.2.9. Dúbidas do Tribunal sobre os requisitos dun aspirante

II.1.2.9. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarallo á Dirección Xeral da Función Pública para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a Dirección Xeral da Función Pública proporá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a orde que corresponda.

II.1.2.10. Principio de transparencia

II.1.2.10. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación do exercicio, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

II.2. Fase de concurso.

II.2. Fase de concurso.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

II.2.1. Experiencia profesional – Mesmo grupo e categoría

II.2.1. Experiencia profesional.

Experiencia profesional, entendida como os servizos prestados en calquera Administración pública, como persoal laboral na categoría 005 do grupo I, titulado en veterinaria, no ámbito do V Convenio colectivo de persoal da Xunta de Galicia.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por **0,20 puntos**.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

A puntuación máxima deste epígrafe é de **28 puntos**.

II.2.2. Permanencia na categoría:

II.2.2. Permanencia na categoría:

Por cada **cinco** anos de prestación de servizos continuados e ininterrompidos na categoría **005** do **grupo I** de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia **1 punto**.

A puntuación máxima desta epígrafe é **de 8 puntos**.

II.2.3. Formación

II.2.3. Formación.

Valoraranse os cursos de formación organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), e as escolas oficiais de formación similares do estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos impartidos no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP).

Para cada curso de duración igual ou superior a **12 horas lectivas** valorarase con **0,01** puntos cada hora de formación, ata un **máximo de 1,5 puntos** por curso.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP

A puntuación máxima deste epígrafe é **de 4 puntos**.

II.2.6. Data efectos e procedemento xustificación

II.2.6. Os méritos enumerados na [base II.2](#) deberán referirse á data de publicación da presente convocatoria, e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a Dirección Xeral da Función Pública e que será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

II.2.7. Remisión xustificación á DXFP

II.2.7. Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal das notas do último exercicio, as persoas aspirantes deberán proceder de conformidade co sinalado no procedemento a que se refire o punto anterior para presentar a documentación relativa á fase de concurso, que irá dirixida á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda (Edificio Administrativo San Caetano, Santiago de Compostela).

II.2.8. Baremación

II.2.8. O tribunal procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da Dirección Xeral da Función Pública, e publicaraa no DOG, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no DOG da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no DOG da baremación definitiva da fase de concurso.

II.3. Orden prelación

II.4. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuación obtidas nas fases de oposición e na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal funcionario de carreira.

III. Tribunal

III. Tribunal

III.1. Nomeamento por Orden DXFP

III.1. O tribunal cualificador do proceso será nomeado por orde da Consellería competente en materia de función pública, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.2. Abstencións

III.2. As persoas que formen parte do tribunal deberán abstenerse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada á Dirección Xeral da Función Pública.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na [base III.9](#) e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

III.3. Substitucións

III.3. A autoridade convocante publicará no DOG a orde correspondente pola que se nomeen os novos integrantes do tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

III.4. Sesión constitución

III.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento do tribunal no DOG. Na dita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

III.5. Quórum constitución tribunal

III.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso da/o presidenta/e e da/o secretaria/o, ou quen o substitúa.

III.6. Réxime xurídico (L40/15)

III.6. O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

III.7. Actas

III.7. Por cada sesión do tribunal levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da/o secretaria/o e o visto e prace da/o presidenta/e.

III.8. Disociación datos aspirantes

III.8. A/o presidenta/o do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios do proceso selectivo sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluirá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes as que corresponden os resultados obtidos.

III.9. Asesores

III.9. O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu

nomeamento corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública.

III.10. Adaptacións: Discapacidade

III.10. O tribunal adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na [base I.3](#) as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, o tribunal tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala ao que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

III.11. Dietas tribunal

III.11. O tribunal terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. Para os efectos do previsto no dito decreto, entenderase que a designación do tribunal cualificador realizada segundo o disposto na [base III.1](#) implicará a autorización da orde de servizo para que os seus membros poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas dentro do número máximo autorizado.

A Dirección Xeral da Función Pública determinará o dito número máximo de sesións autorizado ao tribunal e poderá amplialo baseándose en causas xustificadas.

III.12. Máximo aspirantes aprobados

III.12. O tribunal non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na [base II.3](#).

III.13. Recurso alzada

III.13. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

III.14. Comunicacións aspirantes para o Tribunal á DXFP

III.14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse á Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela).

IV. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal funcinario de carreira

IV. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

IV.1. Cualificación: Suma puntuacións

IV.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición e na fase de concurso.

Criterios desempate

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- Puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición.
- Puntuación outorgada polos méritos alegados na fase de concurso seguindo a orde establecida nas diferentes epígrafes da [base II.2](#).
- Orde alfabética recollida na [base II.1.2.1](#).
- En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

IV.2. Publicación DOG aspirantes aprobados

IV.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución proporá o seu nomeamento como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Documentación presentación por aprobados (20 días)

A partir do día seguinte ao da publicación no DOG da relación de persoas aprobadas, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

A) Fotocopia compulsada do título esixido na [base I.2](#) ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

B) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo do que foi separada/o ou inabilitada/o, nin pertencer ao mesmo corpo ou escala, segundo o modelo que figura como [Anexo II](#) a esta convocatoria

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inabilitada/o ou en situación equivalente, nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como [Anexo III](#) a esta convocatoria.

C) As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Política Social e, de ser o caso, da Administración correspondente.

A consellería competente en materia de función pública solicitará ao órgano competente a documentación que acredite que os/as aspirantes que accedan por esta cota de reserva reúnen os requisitos de compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións.

Poderán autorizar á Administración a dita consulta mediante solicitude expresa remitida xunto co resto da documentación.

D) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

IV.3. Exención de presentar documentación

IV.3. As persoas aspirantes estarán exentas de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento.

IV.4. Non presentar documentación: Nulidade

IV.4. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na [base I.2](#) non poderán ser nomeadas persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen

prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.5. Nomeamento como persoal laboral fixo

IV.5. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal laboral fixo mediante unha orde da persoa titular da consellería competente en materia de función pública que se publicará no DOG e indicará o destino adxudicado.

IV.6. Adxudicación de prazas

IV.6. A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na [base IV.1](#).

IV.7. Toma de posesión (1 mes)

IV.7. A toma de posesión das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no DOG, de conformidade co artigo 60.e) da LEPG.

V. Disposición derradeira: Recurso Reposición contra esta Orde

V. Disposición derradeira

Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da consellería competente en materia de función pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
Conselleiro de Facenda
Valeriano Martínez García

ANEXO I - Programa

ANEXO I

A) Parte xeral

1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Os valores superiores. Os principios constitucionais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas, a súa garantía e a suspensión.
2. A organización territorial do Estado. Organización constitucional do sistema autonómico. Distribución constitucional de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. A Administración local.
3. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
4. A organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de xustiza en Galicia.
5. A Administración autonómica. A organización da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Entidades instrumentais do sector público autonómico.
6. O ordenamento xurídico da Unión Europea. Eficacia directa e primacía do derecho comunitario. Dereito orixinario e derivado. As institucións da Unión Europea. Composición e atribucións. As competencias da Unión Europea.
7. O dereito administrativo. As fontes do dereito administrativo. O acto administrativo. Revisión dos actos administrativos. Recursos contra os actos administrativos. O procedemento administrativo común: fases.
8. Dereitos dos cidadáns nas súas relacóns coas administracións públicas. A información e a atención ao cidadán na Comunidade Autónoma de Galicia. A transparencia na actividade administrativa.
9. O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Normativa de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia. Sede electrónica. Identificación e autentificación. Rexistros, comunicacóns e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.
10. A responsabilidade patrimonial da Administración. O réxime xurídico no sistema español. Responsabilidade de autoridades e funcionarios. Responsabilidade das administracións públicas por actos dos seus concesionarios e contratistas.
11. Os contratos do sector público. Obxecto e ámbito de aplicación. Elementos. Clases. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
12. As subvencións. Réxime xurídico das subvencións na Administración da Xunta de Galicia: concepto. Partes na relación subvencionable. Establecemento. Procedemento de concesión, xestión e xustificación. Causas de reintegro.
13. A Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia. A Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia: principios xerais. O orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia: contido, estrutura, elaboración e aprobación. Fases da execución.

14. O persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia: clases e normativa de aplicación. Adquisición e perda da relación de servizo. Réxime disciplinario. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos. Situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades.

15. A protección de datos de carácter persoal. Normativa reguladora. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos. Ficheiros de titularidade pública. Réxime sancionador.

16. Políticas de igualdade de xénero. Disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: disposicións xerais. A transversalidade. A erradicación do uso sexista da linguaxe. As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega. Medidas de conciliación e corresponsabilidade no emprego público. Políticas contra a violencia de xénero. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: medidas de sensibilización, prevención e detección. Dereitos das mulleres vítimas da violencia de xénero.

17. Discapacidade. A definición de discapacidade segundo a Organización Mundial da Saúde. O Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade. Dereitos. Especial consideración do dereito á vida independente e de participación en asuntos públicos. Igualdade de oportunidades e non discriminación.

B) Parte específica.

1. A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade: principios xerais e actuacións sanitarias do sistema de saúde. Intervención pública en relación coa saúde individual e colectiva. Infraccións e sancións. Competencia das administracións públicas.

2. A Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición: disposicións xerais. Medidas de prevención e seguridade dos alimentos e pensos. Garantías de seguridade no comercio exterior de alimentos e pensos. Control oficial e coordinación administrativa. Instrumentos de seguridade alimentaria. Laboratorios. Publicidade de alimentos. Potestade sancionadora.

3. A Lei 8/2008, de saúde de Galicia. Concepto de autoridade sanitaria. Intervencións públicas sobre actividades, centros e bens. Inspección sanitaria. Infraccións e sancións.

4. A regulación das infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da producción agroalimentaria en España: infraccións e sancións en materia sanitaria. Toma de mostras.

5. O Regulamento (CE) nº 178/2002 polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da legislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria. O Regulamento (UE) nº 931/2011, relativo aos requisitos en materia de rastrexabilidade establecidos polo Regulamento (CE) nº 178/2002.

6. O Regulamento (CE) nº 852/2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

7. As directrices do Codex para a aplicación do sistema de APPCC: principios e directrices para a súa aplicación. Facilitación da aplicación dos principios do APPCC en determinadas empresas alimentarias.

8. O Regulamento (CE) nº 853/2004 polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal: disposicións xerais. Obrigas dos operadores de empresa alimentaria. Definicións para os efectos do dito regulamento. Requisitos relativos a varios produtos de orixe animal: marcación de identificación, obxectivos dos procedementos de APPCC, información sobre a cadea alimentaria e requisitos aplicables aos alimentos conxelados de orixe animal.

9. O Regulamento (CE) nº 853/2004: requisitos específicos relativos á carne de ungulados domésticos, de aves de curral e lagomorfos, de caza de cría e silvestre, á carne picada, preparados de carne e carne separada mecanicamente e aos produtos cárnicos. O Regulamento (CE) nº 2074/2005: requisitos relativos á información sobre a cadea alimentaria.

10. O Regulamento (CE) nº 853/2004: requisitos específicos relativos aos moluscos bivalvos vivos e aos produtos da pesca.

11. O Regulamento (CE) nº 853/2004: requisitos específicos relativos ao leite crudo, costros, produtos lácteos e productos a base de costro, a ovos e ovoprodutos, ás ancas de ra e caracois, ás graxas animais fundidas, roxóns, estómagos, vexigas e intestinos tratados, á xelatina e ao coláxeno.

12. O Real decreto 640/2006 polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da producción e comercialización dos produtos alimenticios.

13. O Regulamento (CE) nº 854/2004 polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano: disposicións xerais. Controis oficiais en relación cos establecementos comunitarios.

14. O Regulamento (CE) nº 854/2004. Control oficial de carnes frescas: funcións do veterinario oficial. Actuacións consecutivas aos controis. Responsabilidades e frecuencia dos controis.

15. O Regulamento (CE) nº 854/2004. Control oficial de carnes frescas: requisitos específicos para bovinos, ovinos e cabrúns, solípedos e súidos domésticos, aves de curral, lagomorfos de cría, caza de cría, caza silvestre. Perigos específicos. O Regulamento (CE) nº 2074/2005: requisitos aplicables aos controis oficiais de inspección da carne.

16. O Regulamento de execución 2015/1375 polo que se establecen normas específicas para os controis oficiais da presenza de triquinas na carne: obrigas das autoridades competentes e dos operadores de empresas alimentarias.

17. O Regulamento (CE) nº 854/2004. Control oficial de moluscos bivalvos vivos: controis oficiais de moluscos bivalvos vivos procedentes de zonas de producción clasificadas. Controis oficiais relativos aos pectínidos e os gasterópodos mariños vivos que non se alimentan por filtración recollidos fóra das zonas de producción clasificadas. Regulamento (CE) nº 2074/2005: métodos de ensaio recoñecidos para a detección de biotoxinas mariñas. O control das biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura en Galicia: competencias das distintas autoridades competentes. Control oficial dos produtos da pesca.

18. O Regulamento 854/2004. Control oficial de leite cru, costro, produtos lácteos e produtos derivados do costro. O Regulamento (CE) nº 2074/2005: métodos de ensaio para o leite cru e o leite tratado termicamente.

19. O Decreto 399/1996: programas de control sanitario de moluscos bivalvos vivos en Galicia, control sanitario de biotoxinas e microbiolóxico nos centros de expedición, depuración, transformación e, en xeral, de manipulación de moluscos bivalvos vivos. Orde do 15 de xaneiro de 2002 pola que se regula a extracción e comercialización de vieira (*Pecten maximus*).

20. O Regulamento (CE) nº 2073/2005, relativo aos criterios microbiolóxicos aplicables aos produtos alimenticios.

21. Normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercialización das comidas preparadas.

22. Condicións sanitarias de producción, almacenamento e comercialización das carnes frescas e os seus derivados nos establecementos de comercio polo miúdo. Norma de calidade de derivados cárnicos.

23. O Regulamento (CE) nº 1924/2006, relativo ás declaracíons nutricionais e de propiedades saudables nos alimentos.

24. O Regulamento 1881/2006 polo que se fixa o contido máximo de determinados contaminantes nos produtos alimenticios: exceptúase o anexo. Os métodos de mostraxe e análises para o control de contaminantes nos produtos alimenticios establecidos nos regulamentos 401/2006, 1882/2006, 333/2007 e 589/2014.

25. O Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos. O Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.

26. O Regulamento (CE) nº 1333/2008, sobre aditivos alimentarios: obxecto, ámbito de aplicación e definicións, listas comunitarias de aditivos alimentarios autorizados; uso de aditivos alimentarios nos alimentos e etiquetaxe.

27. O Regulamento 1935/2004, sobre os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.

28. O Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano: articulado, exceptúanse os anexos. A regulación da explotación e comercialización de augas minerais naturais e augas de manancial envasadas para consumo humano.

29. O Regulamento 589/2008 polo que se establecen as disposicións de aplicación das normas de comercialización dos ovos.

30. A Lei 8/2003, de sanidade animal. Disposicións xerais. Prevención das enfermidades dos animais. Loita, control e erradicación de enfermidades dos animais. Laboratorios. Ordenación sanitaria do mercado dos animais. Inspeccións, infraccións e sancións.

31. O Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega). O Rexistro Xeral de Movementos de Gando (REMO) e o Rexistro Xeral de Identificación Individual dos Animais (RIIA).

32. Normas básicas de ordenación das explotacións porcinas intensivas. Normas básicas das explotacións de gando porcino extensivo. Normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e Rexistro de Explotacións Porcinas Extensivas en Galicia.

33. A ordenación da avicultura de carne. O Rexistro Xeral de Establecementos de Galiñas Poñedoras. Normas zootécnicas e sanitarias das producións avícolas artesanais e Rexistro de Explotacións Avícolas Artesanais en Galicia.

34. Normas de ordenación das explotacións cunícolas. Normas de ordenación das explotacións apícolas. Ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia.

35. Ordenación zootécnica, sanitaria e de benestar animal das explotacións equinas. Plan sanitario equino.

36. O sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. Nivel mínimo de controis que se deben realizar no marco do sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. Sancións administrativas mínimas no marco do sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. Entidades identificadoras para a prestación de servizos de identificación do gando bovino, ovino e cabrún e o seu rexistro oficial na Comunidade Autónoma de Galicia.

37. O sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa. Controis mínimos que se deben levar a cabo en relación coa identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa. O sistema de identificación e rexistro dos animais da especie porcina.

38. O sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina. A tarxeta de movemento equina. Normas de identificación e ordenación sanitaria dos animais equinos en Galicia. Medidas en relación co sistema de identificación dos équidos na Comunidade Autónoma de Galicia.

39. A autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais. Os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro.

40. O sistema de alerta sanitaria veterinaria. A lista das enfermidades dos animais de declaración obligatoria e a súa notificación en España. A regulación dos programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais en España.

41. A vixilancia das zoonoses e os axentes zoonóticos. O Regulamento (CE) nº 2160/2003 sobre o control da salmonela e outros axentes zoonóticos específicos transmitidos polos alimentos.

42. O Regulamento (CE) nº 1266/2007 da Comisión, do 26 de outubro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2000/75/CE do Consello no relativo ao control, ao seguimento, á vixilancia e ás restricións ao traslado de determinados animais de especies sensibles á febre catarral ovina. Medidas específicas de protección en relación coa lingua azul en España.

43. O Regulamento (CE) nº 999/2001 polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles: disposicións xerais. Determinación da cualificación sanitaria respecto da EEB. Prevención das EET. Control e erradicación das EET. O Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais en España. A destrucción dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

44. O plan de vixilancia sanitaria do gando porcino. O programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

45. O plan sanitario avícola. Medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria en España.

46. O Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel. Requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de explotacións cinexéticas, de acuicultura continental e de núcleos zoológicos, así como de animais de fauna silvestre en España.

47. Normativa básica das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en España e rexistro nacional delas. As agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia. Procedementos relativos ao recoñecemento, mantemento e extinción das agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG), e ao recoñecemento dos/as veterinarios/as responsables en Galicia. Programas sanitarios das ADSG en Galicia.

48. O sistema informático veterinario integrado, Traces. A aplicación do sistema Traces. O modelo harmonizado de certificado e de acta de inspección para os intercambios intracomunitarios de animais e produtos de orixe animal.

49. Normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina.

50. Normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios de animais das especies ovina e cabrúa. Condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios de aves de curral e ovos para incubar.

51. Condicións de sanidade animal que regulan os movementos intracomunitarios de équidos. Condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios de animais non sometidos a harmonización comunitaria.

52. O Regulamento (UE) nº 576/2013, relativo aos desprazamentos sen ánimo comercial de animais de compañía.

53. Normativa básica de control que deben cumplir os operadores do sector lácteo. A identificación e rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro de movementos de leite cru de vaca. O Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada de Galicia.

54. O texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios: disposicións xerais e aspectos correspondentes aos medicamentos veterinarios. Medicamentos veterinarios: comercialización, prescripción e utilización. Vixilancia e réxime sancionador. Condicións da comercialización e uso dos medicamentos veterinarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

55. O Plan nacional de investigación de residuos: medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos. Prohibición de utilización de determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría do gando. Excepcións.

56. O Regulamento (CE) nº 1069/2009, subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano: disposicións xerais. Obrigas xerais dos explotadores.

57. O Regulamento (UE) nº 142/2011, subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano: recollida, transporte e rastrexabilidade. Materias primas para alimentación animal. Normas aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano en España: recollida, transporte e identificación, documento comercial e certificado sanitario, rexistro e autorización.

58. O Regulamento (CE) nº 183/2005 sobre requisitos en materia de hixiene dos pensos. O Rexistro Xeral de Establecementos no Sector da Alimentación Animal en España.
59. O Regulamento (CE) nº 767/2009 sobre a comercialización e a utilización dos pensos.
60. Elaboración, comercialización, uso e control dos pensos medicamentosos. O Regulamento (CE) nº 1831/2003 sobre os aditivos na alimentación animal: ámbito de aplicación e definicións. Etiquetaxe e envasado. Grupos de aditivos. Requisitos específicos relativos á etiquetaxe dalgúns aditivos para alimentación animal e prenesturas.
61. O control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e cabrúa en España. A estrutura organizativa responsable do funcionamento do control leiteiro oficial en Galicia.
62. Condicións básicas de recollida, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das especies bovina, ovina, cabrúa e porcina, e dos équidos.
63. O Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras en España. O Catálogo oficial de razas gandeiras autóctonas de Galicia. O recoñecemento oficial das asociacións de criadores de razas autóctonas de Galicia que creen ou xestionen libros xenealóxicos. Programas para a conservación, mellora e fomento das razas autóctonas de Galicia.
64. A Lei 32/2007, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio. A protección dos animais nas explotacións gandeiras.
65. Normas mínimas para a protección de tenreiros. Normas mínimas para a protección de porcos.
66. Normas mínimas de protección das galiñas poñedoras. Normas mínimas para a protección de polos destinados á producción de carne.
67. O Regulamento (CE) nº 1/2005, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas.
68. Protección dos animais no momento da matanza.
69. Normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.
70. A Lei 1/1993, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade en Galicia. O Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade.
71. A Lei 50/1999, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. A regulación da tenza de animais potencialmente perigosos, do

Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos e do adestramento de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

72. A Lei 31/2003, de conservación da fauna silvestre nos parques zoológicos.

73. O Regulamento (UE) nº 1169/2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor: disposicións xerais. Principios xerais sobre información alimentaria. Requisitos xerais de información alimentaria e responsabilidade dos explotadores de empresas alimentarias. Información alimentaria obligatoria.

74. O Regulamento (UE) nº 1380/2013, sobre a política pesqueira común: disposicións xerais. Medidas de conservación. Medidas específicas. Acuicultura. Control e execución. Regulación dos tamaños mínimos de diversos produtos pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia.

75. O Regulamento (CE) nº 1224/2009 polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da política pesqueira común: disposicións xerais. Principios xerais. Control da comercialización. O Regulamento (UE) nº 404/2011, que establece as normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1224/2009: control de comercialización.

76. A Lei 11/2008, de pesca de Galicia: disposicións xerais. Conservación e xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros. Comercialización, transformación e promoción dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Réxime sancionador.

77. O Regulamento (UE) nº 1379/2013 polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura: disposicións xerais. Normas comúns de comercialización. Información do consumidor.

78. Normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco en Galicia e en España. O sistema de transmisión de datos na fase de primeira venda da pesca fresca en Galicia. O control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos en Galicia. A regulación da descarga, transporte e primeira venda dos produtos pesqueiros e acuícolas dos cales non sexa obrigada a súa primeira venda en lonxa en Galicia.

79. Requisitos zoosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, e prevención e control de determinadas enfermedades dos animais acuáticos: disposicións xerais. Explotacións de acuicultura e establecementos de transformación autorizados. Requisitos zoosanitarios para a posta no mercado de animais e produtos da acuicultura. Notificación e medidas mínimas para o control de enfermedades. O Regulamento 1251/2008 polo que se aplica a Directiva 2006/88/CE no referente ás condicións e aos requisitos de certificación para a comercialización e a importación na Comunidade de

animais da acuicultura e produtos derivados e se establece unha lista de especies portadoras.

80. O Regulamento (CE) nº 882/2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

81. Directrices comunitarias que fixan criterios para a realización de auditorías de acordo co Regulamento (CE) nº 882/2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

*ANEXO II – Modelo non sancionado***ANEXO II**

(nome e apelidos do aspirante) _____, con domicilio en _____, con NIF/NIE/pasaporte _____, declara, para os efectos de ser nomeado/a persoal laboral na categoría 005 do Grupo I, titulado superior veterinario , que non foi despedida/o nin separada/o mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das comunidades autónomas, nin se atopa en situación de inabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao dito corpo ou escala.

..., ... de ... de 201...

ANEXO III – Modelo non inhabilitado outro Estado

ANEXO III

(nome e apelidos aspirante) _____, con domicilio en _____, con NIF/NIE/pasaporte _____, declara, para efectos de ser nomeada/o persoal laboral na categoría 005 do Grupo I, titulado superior veterinario, que non se atopa inhabilitada/o ou en situación equivalente nin foi sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de _____, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

(país e localidade) ..., ... de ... 201...

ANEXO IV – Listado prazas consolidación emprego

ANEXO IV

Proceso de consolidación de emprego

| Código do posto | Denominación | Grupo |
|-----------------|--------------|-------|
|-----------------|--------------|-------|